



**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE CELEBRADA POLO PLENO DA  
CORPORACIÓN EN DATA 17 DE AGOSTO DE 2012.**

**ASISTENTES:**

**ALCALDE-PRESIDENTE:**

D. Melchor Roel Rivas

**CONCELLEIROS:**

D<sup>a</sup>. María Loureiro García, D. Jesús Antonio Fernández Cal, D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Isabel Rodríguez López, D. Carlos Alberto Gueimunde Cabaleiro, D<sup>a</sup>. Covadonga Viamonte Aguirar, D. Bernardo José Fraga Galdo, D. Manuel Galdo Dopico, D<sup>a</sup>. Olaia Casas Chaves, D. César Aja Mariño, D. Jaime Eduardo de Olano Vela, D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> del Carmen Gueimunde González, D. Celestino Valentín García Paz, D. Antonio José Bouza Rodil, e D. Jesús Fernández Fernández.

**AUSENCIAS:**

D<sup>a</sup>. Cándida Méndez Salgado

D. Guillermo Leal Arias

**INTERVENTORA XERAL**

D<sup>a</sup>. Mónica Iglesias Prego.

**SECRETARIA XERAL**

D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Luz Balsa Rábade

Na Casa do Excmo. Concello de Viveiro, sendo as vinte horas e trinta minutos do día 28 de xuño de dous mil doce, reúnen, en primeira convocatoria, os Sres. Concelleiros citados anteriormente, ó obxecto de celebrar a sesión ordinaria do Pleno da Corporación, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, asistido de mín, que como Secretaria Xeral, certifico do acto do Concello. Excusan a súa asistencia D<sup>a</sup>. Cándida Méndez Salgado e D. Guillermo Leal Arias

Comprobado pola Secretaría a existencia do quórum necesario, declárase polo Sr. Alcalde aberta a sesión, polo que se procede a tratar os asuntos incluídos na Orde do Día.

**1.- RATIFICACIÓN DA URXENCIA**

Intervén o Sr. Alcalde, D. Melchor Roel Rivas, para indicar que nas Comisións Informativas se contou co voto en contra do P.P.

Intervén en representación do Grupo Municipal do P.P., D. Antonio J. Bouza Rodil para indicar que os asuntos deste Pleno teñen a mesma urxencia que calquer outro asunto, e que estes asuntos poderían tratarse no Pleno do 30 de agosto.

Non existindo máis intervencións procédese á votación, aprobándose e ratificándose a urxencia da sesión con 10 votos a favor, correspondentes ós grupos do P.S.O.E. e 5 votos en contra correspondentes ó grupo do P.P.



## **2.- APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓNS CELEBRADAS POLO PLENO EN DATA 28 DE XUÑO DE 2012 E 20 DE XULLO DE 2012.**

Non existindo obxeccións ás mencionadas actas, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos membros presentes, acorda aprobar as mencionadas actas.

## **3.- APROBACIÓN DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO (EXPTE. MODIF. CRÉDITO 025/2012) PARA OBRAS NA PISCINA MUNICIPAL E OBRAS NA RÚA IRMÁNS VILAR PONTE.**

Vista a proposta do Sr. Alcalde, D. Melchor Roel Rivas, en orde á aprobación da modificación orzamentaria mediante crédito extraordinario N° 025/2012, co obxectivo de facer fronte ó pago referente á piscina municipal e obras na rúa Irmáns Vilar Ponte.

Visto o informe favorable da Intervención.

Por parte da Alcaldía procédese á apertura do debate, que discorre do seguinte xeito:

Intervén o Sr. Alcalde, D. Melchor Roel Rivas, para indicar que se quintan os recursos da partida de festas, e que respecto á piscina houbo que actuar de urxencia no tellado por mor do temporal, e no caso da rúa trátase de obras de acondicionamento da Rúa Irmáns Vilar Ponte ata a Rúa Luis Trelle.

Intervén en representación do grupo municipal do P.P., D. Antonio J. Bouza Rodil para dicir que lle gustaría que se explicara o que se quita da partida de festas, xa que entenden que os 30.000 son para a piscina e os 60.000 para a Rúa Irmáns Vilar Ponte, pero o resto non teñen claro para que é, xa que apuntan que si a planta de biomasa se financiaba co combustible non teñen claro o resto da modificación orzamentaria.

Interven a Sr. Interventora, D<sup>a</sup>. Mónica Iglesias Prego, para aclarar que o resto se refire ó contrato mixto de biomasa da piscina.

Intervén o Sr. Alcalde, D. Melchor Roel rivas para sinalar que a caldeira de biomasa hai momentos nos que se apoia con gasóleo para o arranque.

Intervén en representación do Grupo Municipal do P.P., D. Antonio J. Bouza Rodil para preguntar se non se cubren os custos da piscina coas cuotas dos usuarios.

Intervén o Sr. Acladle, D. Melchor Roel Rivas para dicir que se fixo unha redución do 24% do que se pagaba, que será do 50%, e que as cuotas dos usuarios ata o mes de xullo chegan, pero nos meses de verán normalmente non porque moitos usuarios danse de baixa no verán.

Non existindo máis debate sobre este asunto e contando con dictame favorable da Comisión Informativa de Economía, procédese á súa votación, acordándose, por unanimidade, aprobar a proposta formulada pola Alcaldía e informada pola Intervención coa seguinte proposta de acordo:



Primeiro.- Aprobar o expediente de modificación de créditos núm. 025/2012, polo que se producen nos estados de gastos e ingresos as seguintes modificacións:

Orzamento de gastos

APLICACIÓN		DESCRIPCIÓN	IMPORTE
Grupo de Programa	Económica		
342	623	Maquinaria, instalacións e utillae	14.826,93
342	622	Edificios e outras construcións	27.764,59
342	356	Xuros de financiación de instalacións	7.689,12
342	22103	Combustible e carburantes	19.428,13
342	22799	Outros traballos realizados por outras empresas	17.766,06
155	619	Outras inversións de reposición en infra. e bens destinados ao uso xeral	60.328,29
342	632	Reposición en edificios e outras construcións	30.000
<b>TOTAL</b>			<b>177.803,12</b>

Orzamento de gastos

APLICACIÓN	DESCRIPCIÓN	EUROS
338.226	Fiestas Populares y Festejos	177.803,12
<b>TOTAL</b>		<b>177.803,12</b>

Segundo.- Expoñer ó público, previo anuncio no boletín oficial da provincia, por espazo de 15 días o citado expediente, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. Considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións.

Terceiro.- Facultar ó Sr. Alcalde para a sinatura de cantos documentos sexan encesarios para a execución do presente acordo.

#### **4.- INICIO DE PROCEDIMIENTO DE RESCISIÓN DO CONTRATO PARA A XESTIÓN MEDIANTE CONCESIÓN DO MATADOIRO.**

Vista a proposta do Sr. Alcalde, D. Melchor Roel Rivas, en orde a iniciar o procedemento de rescisión do contrato para a xestión mediante concesión do matadoiro comarcal de Viveiro, asinado en data 1 de abril de 1993, con D. Fernando de Sousa Lopes, pasando a aceptarse o cambio de titularidade da concesión a nome de SOUSARIAS en data 25 de xaneiro de 2002, sendo dende ese momento esta empresa a que realiza a explotación do matadoiro.

Por parte da Alcaldía procédese á apertura do debate, que discorre do seguinte xeito:



Intervén o Sr. Alcalde, D. Melchor Roel Rivas para indicar que existe un incumprimento non só coas condicións do matadoiro, tal e como manifestaba o Grupo Municipal do i.V.i., senón tamén no cobro das cuotas pola Seguridade Social e no pago do cano. Apunta que a Seguridade Social abreu un expediente para que estas débedas as pagase o Concelo. Sinala que se iniciou o expediente de resolución do contrato co concesionario e comenta que existe un problema, que é que a Corporación non esixiu un aval novo para o cambio de denominación, polo que o aval non responde de quen xestiona neste momento. Comenta que o representante do i.V.i. apuntara que a Administración funciona moi ben, xa que a Seguridade Social contestoulle ó Concello en 15 días, e contestou que tiña que pagar o Concello. Di que entenden que ten que facer fronte a ese pago a empresa, de ahí que se inicie a rescisión. Apunta que tampouco pagou o canon a este Concello dende o ano 2009, e ante a pregunta de porqué dende o 2009 non se fixo nada, comenta que Recaudación remite á vía executiva o 2009 este ano. Remata sinalando que a empresa é a única responsable de todo, xa que non cumpre coas súas obrigas.

Intervén en representación do Grupo Municipal do P.P., D. Antonio J. Bouza Rodil, para sinalar que o seu grupo vai apoiar esta proposta, porque vendo que incumpre o punto 6 e 7 do contrato considéranlo motivo suficiente para a súa rescisión, apuntando se xa se podían ir redactando unhas novas bases e prego para unha nova concesión.

Intervén en representación do Grupo Municipal do B.N.G., D. Bernardo Fraga Galdo para dicir que o seu grupo tamén se manifesta a favor da rescisión.

Intervén en representación do Grupo Municipal do i.V.i., D. Jesús Fernández Fernández para apuntar a importancia da premura neste asunto, xa que se trata dun dos únicos matadoiros comarcais e pregunta qué pasará cos empregados, xa que iso é algo a ter en conta, propondo que nos pregos se pode ser se recolla que a nova empresa concesionaria se teña que facer cargo dos empregados.

Intervén o Sr. Alcalde, D. Melchor Roel Rivas para apuntar que antes os pregos se realizaban sen citar as obrigas, pero que a nova lei de contratación administrativa xa non ocorre o mesmo, pois a regulación é máis extensa, ademais de que a persoa encargada da súa redacción demostrou sobradamente a súa capacidade. Apunta así mesmo que haberá que mirar de recoller que a nova empresa se faga cargo de actualizar o matadoiro. Di que antes había dous traballadores do concello, agora non, pero poderíase estudar de incluír ese compromiso de asunción dos postos de traballo existentes.

Non existindo máis debate sobre este asunto e contando con dictamen favorable da Comisión Informativa de Economía, procédese á súa votación, acordándose por unanimidade, aprobar a proposta formulada pola Alcaldía, do seguinte xeito:

En base ós seguintes ANTECEDENTES

Primeiro.- Este Concello está a realizar de forma indirecta a xestión do servizo de matadoiro. O acordo de axudicación definitiva da xestión do matadoiro foi adoptado en data 4 de decembro de 1992 polo Pleno da Corporación. En data un de abril de 1993 asinouse co adxudicatario, D. Fernando de Sousa Lopes o contrato para a xestión mediante concesión do servizo do matadoiro.

Segundo.- Previa á adxudicación deste contrato presentouse aval da Caixa Ourense de data 15 de decembro de 1992, avalando a D. Fernando de Sousa Lopes e á súa esposa D<sup>a</sup>. María Mercedes



Arias Salgadot, ante o Concello de Viveiro, pola cantidade de 5.000.000 de pesetas (30.000 euros), en concepto de cobertura de responsabilidades pola explotación do matadoiro.

Terceiro.- Na cláusula sexta do contrato establécese que o adxudicatario percibirá pola prestación do servizo as tarefas que estableza a correspondente ordenanza municipal, debendo satisfacer ó Concello un canon de 2 ptas kg/canal, canon que será satisfeito por mensualidades e se revisará anualmente conforme ó índice de precios ó consumo fixado polo Instituto Nacional de Estadística e será ingresado na Tesourería Municipal.

Cuarto.- Na cláusula sétima do contrato indícase que o adxudicatario ten como obriga o cumprimento das disposicións legais protectoras do traballo e da industria, as de previsión e seguridade social, en todos os seus aspectos e regulacións, así como toda a normativa de carácter hixiénico-sanitaria, relacionada co obxecto do contrato, quedando exenta a corporación contratante de calquer responsabilidade por incumprimento de ditas normas e demais infraccións de carácter laboral que se cometan polo adxudicatario. Nesta mesma cláusula tamén se indica que o adxudicatario poderá opcional e facultativamente propor todas aquelas obras e instalacións que considere podan mellorar as xa existentes, debendo cumprir ditas instalacións e melloras a lexislación vixente e ser autorizadas polo Concello, sendo executadas polo concesionario e á súa costa.

Quinto.- En data 18 de decembro de 2001 solicitouse por D. Fernando de Sousa Lopes, o cambio de titularidade da concesión do servizo de matadoiro para SOUSARIAS S.L., sociedade limitada que manifestaba fora creada por motivos de organización empresarial, tratándose dunha sociedade unipersoal, donde o único socio é D. Fernando de Sousa Lopes.

Sexto.- En data 25 de xaneiro de 2002, por unanimidade, o Pleno da Corporación acepta dito cambio de titularidade solicitado, polo que dende ese momento a xestión do servizo do matadoiro realízase pola empresa SOUSARIAS S.L.

Sétimo.- Según informe emitido polo Servizo de Intervención, en data 28 de xuño de 2012, dende marzo de 2009 por parte do concesionario do servizo de matadoiro non se realizou o pago do canon. Ademais sinálase que, por outra parte, existen dereitos recoñecidos e pendentes de cobro polo canon correspondente de decembro de 2001 a decembro de 2002, ambos inclusive, por valor de 2.195,72 euros.

Oitavo.- En data 29 de febreiro de 2012 recíbese escrito da Tesourería Xeral da Seguridade Social, no que se comunica a incoación de expediente de derivación de responsabilidade hacia o Concello de Viveiro polas débedas xeradas polas empresas Fernando de Sousa Lopes e SOUSARIAS S.L.,

Noveno.- En data 6 de marzo de 2012 preséntase por parte do Concello escrito de alegacións ante a Tesourería Xeral da Seguridade Social.

Décimo.- En data 11 de abril de 2012 resólvense pola Tesourería Xeral da Seguridade Social as alegacións presentadas, delcarando ó Concello responsable subsidiario das débedas contraídas coa Seguridade Social polas empresas Fernando de Sousa Lopes e SOUSARIAS S.L., reclamando ó Concello a cantidade de 67.368,09 euros, correspondendo, según anexo que adxunta dito ente, 16.845,82 euros ás débedas orixinadas por D. Fernando de Sousa Lopes e 50.522,21 euros ás débedas orixinadas por SOUSARIAS S.L.



Undécimo.- En data 11 de maio de 2012 interpúxose polo Concello recurso administrativo de alzada contra dita Resolución da Tesourería Xeral da Seguridade Social.

Duodécimo.- En data 8 de xuño de 2012 recíbese neste Concello desestimación do recurso de alzada presentado.

En virtude dos seguintes FUNDAMENTOS

Primeiro.- O artigo 75 e seguintes do Decreto 923/1965, de 8 de abril, polo que se aproba o Texto Articulado da Lei de Bases de Contratos do Estado establece como causas de extinción do contrato de xestión de servizos públicos a resolución por incumprimento do empresario, indicando que a Administración decretará a perda da fianza sempre que o contrato se declare resolto por culpa do empresario, ademáis de prever que o empresario deberá aboar á Administración os danos e prexuízos que efectivamente lle tivese ocasionado. Así mesmo sinala que o empresario debe entregar as obras e instalacións a que esté obrigado con arreglo ó contrato e no estado de conservación e funcionamento adecuados.

Segundo.- O artigo 223 do Decreto 3410/1975, de 25 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Contratación do Estado tamén prevé como causa de extinción do contrato de xestión de servizos públicos a resolución por incumprimento do empresario.

Terceiro.-O artigo 65 e seguintes do Decreto de 9 de xaneiro de 1953, polo que se aproba o Regulamento de Contratación das Corporacións Locais, prevé que se o contratista incumplira as obrigas que lle incumban, a Corporación estará facultada para esixir o cumprimento ou declarar a resolución do contrato, quedando en todo caso a salvo o dereito ó resarcimento de danos e indemnización de prexuízos. O artigo 97 deste mesmo texto normativo indica que cando a Corporación acorde a resolución do contrato por incumprimento do contratista, conlevará a perda da garantía provisional ou definitiva, sinalando o artigo 98 que se a garantía resultase insuficiente para facer efectivas as responsabilidades do contratista, procederase contra os demais bens do interesado.

Cuarto.- Considérase de aplicación o réxime xeral do procedemento administrativo común previsto na Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, aplicando así mesmo, en garantía do contratista, as previsións do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas referentes ó procedemento de resolución, vixente a día de hoxe.

Quinto.- Queda acreditado, según a exposición de antecedentes que por parte do contratista, tanto nun primeiro momento por parte de D. Fernando de Sousa Lopes, como posteriormente por parte de SOUSARIAS S.L. existiu un incumprimento continuado do contrato, tal e como se relata a continuación:

D. Fernando de Sousa Lopes incumpriu o deber recollido na cláusula sexta do contrato, pois non ingresou no Concello o canon correspondente ós meses de decembro de 2011 e xaneiro de 2012, sendo aínda él quen explotaba o matadoiro, pois de feito a aceptación do cambio de titularidade da concesión a favor de SOUSARIAS S.L. foi aceptado polo Pleno da Corporación en data 25 de xaneiro de 2002. Tamén incumpriu co deber recollido na cláusula sétima do contrato, como era o





deber de cumprir coas disposicións legais protectoras do traballo e da industria, as de previsión e seguridade social, en todos os seus aspectos e regulacións, así como toda a normativa de carácter hixiénico-sanitaria, quedando exenta a corporación de claquer responsabilidade por incumprimento de ditas normas e demais infraccións de carácter laboral que se cometan polo adxudicatario. Pois ben, tal e como se expuso nos antecedentes, D. Fernando de Sousa Lopes acumula unha débeda coa Seguridade Social derivada da explotación do matadoiro, que ascende a 16.845,82 euros, que agora son reclamados ó Concello por derivación de responsabilidade.

SOUSARIAS S.L. incumpriu o deber recollido na cláusula sexta do contrato, pois non ingresou no Concello o canon correspondente ós meses dende febreiro a decembro de 2002, ambos inclusive, período nos que xa estaba ó fronte da explotación do matadoiro, nin se recibiu ningún ingreso neste Concello correspondente ó canon dende o mes de marzo de 2009. Así mesmo, esta empresa tamén incumpriu o deber establecido na cláusula sétima do contrato, pois acumula unha débeda coa Seguridade Social derivada da explotación do matadoiro, que ascende a 50.522,21 euros, que agora son reclamados ó Concello por derivación de responsabilidade.

Sexto.- O incumprimento das obrigas que lle incumben ó contratista constitúen, tal e como se detalla nos fundamentos anteriores, causa de resolución do contrato por incumprimento do contratista.

Sétimo.- Considerando que o Pleno da Corporación é o órgano competente para adoptar o acordo de rescisión do contrato.

En virtude dos ANTECEDENTES e FUNDAMENTOS mencionados, acórdase:

PRIMEIRO.- Iniciar o procedemento de rescisión do contrato para a xestión mediante concesión do matadoiro comarcal de Viveiro, asinado en data 1 de abril de 1993, con D. Fernando de Sousa Lopes, pasando a aceptarse o cambio de titularidade da concesión a nome de SOUSARIAS en data 25 de xaneiro de 2002, sendo dende ese momento esta empresa a que realiza a explotación do matadoiro.

SEGUNDO.- Nomear instructor do procedemento a D. José Viveiro Russo e secretario do procedemento a D<sup>a</sup>. Fátima Moar Rivera, manifestándolles que no suposto de incurrir en causa de abstención do artigo 28 da Lei 30/1992 (LRXPAC) deberán absterse de intervir no procedemento.

TERCEIRO.- Notificar este acordo a D. Fernando de Sousa Lopes en calidade de representante da empresa SOUSARIAS S.L. como titular neste momento da explotación do servizo e do contrato que se pretende rescindir.

CUARTO.- Notificar este acordo a D. Fernando de Sousa Lopes en calidade de adxudicatario primitivo do contrato ós efectos de poder personarse no procedemento respecto ós incumprimentos derivados da súa xestión.

QUINTO.- Informar a SOUSARIAS S.L. e a D. Fernando de Sousa Lopes que como interesados no procedemento, poderán, en claquer momento, anterior ó trámite de audiencia aducir alegacións e aportar documentos ou outros elementos de xuízo, indicándolle que todas as actuacións que se



realicen na instrucción deste procedemento, así como a apertura do período de proba e trámite de audiencia previo á resolución lles serán debidamente notificados.

SEXTO.- Notificar este acordo á entidade avalista, Caixa Ourense, agora Nova Caixa Galicia, ós efectos de poder personarse no procedemento, respecto á posible incautación do aval que resulte da instrucción e resolución do procedemento que se incoa mediante este acordo.

SÉTIMO.- Dar traslado deste acordo ó instructor e secretario do procedemento.

OITAVO.- Facultar ó Sr. Alcalde, D. Melchor Roel Rivas ós efectos de simple tramitación do procedemento de resolución deste contrato, para levar a cabo toda a tramitación referente ós actos relativos á instrucción do procedemento e trámite de audiencia, debendo darse traslado posteriormente do expediente a este Pleno ós efectos de acordar o oportuno acordo respecto á resolución do contrato.

## **5.- APROBACIÓN DA ORDENANZA DE USO DO GALEGO NA ADMINISTRACIÓN MUNICIPAL DE VIVEIRO.**

Vista a proposta do Sr. Alcalde, D. Melchor Roel Rivas, presentada ó Pleno da Corporación por iniciativa da Concelleira de Cultura, D<sup>a</sup> Olaia Casas Chaves, en orde á aprobación da ordenanza de uso de galego na Administración Municipal de Viveiro.

Por parte da Alcaldía procédese á apertura do debate, que discorre do seguinte xeito:

Intervén o Sr. Alcalde para indicar que se trata dunha iniciativa da Concelleira de Cultura que data xa do mes de maio, comenta que non se puido traer antes a pleno por non poder informarse en tempo, dicindo que se pretendía levar o 28 de xuño, e se incorporou a este porque o pleno do 30 de agosto xa vai resultar moi amplo, anunciado que a Alcaldía elevou esta proposta ó Pleno que será explicada pola Concelleira d<sup>a</sup>. Olaia Casas Chaves.

Intervén en representación do grupo municipal do B.N.G., D<sup>a</sup>. Olaia Casas Chaves para dicir que se trata dunha ordenanza que garante o dereito dos administrados a que poddan disfrutar na Administración Local do dereito a expresarse en galego e a ser contestado en galego. Apunta que na memoria da ordenanza xa figura explicada cal é a intencionalidade desta ordenanza, a parte da sensibilidade que se debe ter co uso do galego. Sinala que a ordenanza non recolle máis que o que deben recoller todas as ordenanzas, nesta norma queda reflexada a relación da Administración co uso do galego.

Intervén en representación do Grupo Municipal do P.P., D. Jaime de Olano Vela para sinalar que o seu grupo apoia o uso do galego como idioma propio de Galicia, e apunta que esa mesma sensibilidade habería que tela co outro idioma e polo tanto tamén tocar o himno no izado de bandeiras. Comenta que en Viveiro o galego se usou de forma exemplar, e que todos os cidadáns teñen dereito a dirixirse ó Concello en calquera dos idiomas, polo que consideran absurdo regular algo que funciona ben. Indica que respecto ó texto entenden que resulta dubidoso que pase un control estrito de legalidade, comentando que non lles gusta que esa Comisión de Seguimento que se regula poda ser un órgano que poda promover sancións, que o uso do galego ata o de agora está





funcionando perfectamente coa Lei de Normalización Lingüística do ano 83 e non teñen constancia de ningunha queixa, polo que o seu grupo vai votar en contra.

Intervén en representación do Grupo Municipal do B.N.G., D<sup>a</sup>. Olaia Casas Chaves para dicir que ó grupo do goberno lle poden chegar outra serie de queixas, consultas, inquiredanzas, que ó mellor dende a oposición non se coñecen. Entende que existe a obriga de escoitar esas inquiredanzas, e que non se trata de impoñer sancións, senón de realizar unha regulación completa, pero a intención non é impoñer sancións, senón que a maioría dos usuarios da Administración usan e entenden o galego polo que non se cree que haxa que chegar a ese extremo.

Intervén o Sr. Alcalde, D. Melchor Roel Rivas para aclarar que dende o ano 2003 se celebran as festas como unha festa local, que aquí se respetan as dúas linguas e os dous himnos, pero considérase que nas festas locais se debe tocar o himno de Galicia, apuntando que no izado o máis importante era a pancarta que había.

Intervén en representación do Grupo Municipal do i.V.i., D. Jesús Fernández Fernández anunciando que o seu grupo vai votar a favor, indica que está de acordo co fondo pero non coas formas. Di que todos entenden o galego e moitos se expresan en galego polo que se considera que é redundar sobre o mesmo. Considera que lles parece forte a creación da Comisión e o tema das posibles sancións, considerando que non sabe ata onde unha persoa pode ter a obriga de empregar unha determinada lingua. Apunta ademais que xa o artigo 1 di que o galego é a lingua propia de “Galiza”, considerando que para él non existe por ser un hiperenxebrismo, e que se trata de “Galicia”. Reitera que o seu grupo vai votar a favor porque defenden o galego, e que para defendelo non fai falta ser do B.N.G.

Intervén en representación do Grupo Municipal do P.P., D. Jaime de Olano Vela, apuntando que a intención desta ordenanza non sabe cal é, pero o artigo 27 da mesma di o que di respecto das sancións, e que regular o que está funcionando ben traerá máis problemas que os que hai agora.

Intervén en representación do Grupo Municipal do B.N.G., D<sup>a</sup>. Olaia Casas Chaves para dicir que non sabe se hai moitos problemas, pero que se hai xa serve, e con esta ordenanza resólvense mellor. Apunta tamén que se se incumpre unha norma ten que haber un artigo que o regule, que tamén o establece a Lei de Normalización Lingüística e o Estatuto dos Traballadores, e as normas hai que cumprilas.

Intervén en representación do Grupo Municipal do i.V.i., D. Jesús Fernández Fernández para preguntar que se algún membro da corporación pregunta en castelán se vai contestar ou sancionar.

Intervén o Sr. Alcalde, D. Melchor Roel Rivas, para sinalar que a lei di que poderá ser no idicoma que se solicite, polo que se solicita que se responda en castelán se contestará en castelán.

Non existindo máis debate sobre este asunto e contando con dictamen favorable da Comisión Informativa de Desenvolvemento Local, procédese á súa votación, acordándose con 10 votos a favor correspondentes ós grupos do P.S.O.E, B.N.G. e i.V.i, e 5 votos en contra correspondentes ó grupo do P.P. aprobar a proposta formulada pola Alcaldía:

1.- Aprobar, provisionalmente, a Ordenanza de uso do galego na Administración Municipal de Viveiro.



2.- Expoñer ó público o acordo provisional adoptado plo Pleno e o novo texto da Ordenanza por prazo de 30 días hábiles, tal e como preceptúa o artigo 49 da Lei reguladora das bases do réxime local.

3.- Elevar a definitivo o acordo mencionado de non presentarensen reclamacións ó mesmo e continuar o expediente ata a súa conclusión, de conformidade co procedemento previsto no artigo 49 da citada LBRL.

4.- A referida Ordenanza aprobada entrará en vigor a partir do día seguinte ó da súa publicación íntegra no BOP e terá efectos a partir do mesmo día.

## **6.- APROBACIÓN DEFINITIVA DA ORDENANZA REGULADORA DA INSTALACIÓN DE TERRAZAS E VELADORES EN VIVEIRO.**

Vistas as tres alegacións presentadas á ordenanza reguladora da instalación de terrazas e veladores en Viveiro, polo “Mesón O Recuncho”, “Mesón Praciña” e “Cafe-bar La Plata”.

Por parte da Alcaldía procédese á apertura do debate, que discorre do seguinte xeito:

Intervén o Sr. Alcalde, D. Melchor Roel Rivas, para sinalar que se presentaron tres alegacións, e que houbo un acordo de rexeitalas, por unanimidade, na Comisión Informativa e pásase ó tratamento de cada unha delas.

En primeiro lugar procede a analizar a alegación presentada polo Mesón O Recuncho. Nesta alegación, respecto ó artigo 15 indicábase que na Rúa Pastor Díaz coa súa terraza se permite perfectamente o paso tanto para peatóns como para vehículos. Respecto ó artigo 16.3 manifestaban non estar de acordo a que se lles limitase a ubicación da terraza a unha única rúa, a Pérez das Mariñas, posto que a ubicada na Rúa Pastor Díaz permite perfectamente o paso de peatóns e vehículos.

Intervén o Sr. Alcalde, D. Melcho Roel Rivas para dicir que según a nova ordenanza as rúas con acceso restrinxido de vehículos poden colocar as terrazas a aprtir das 11:30 horas, ás 8:30 só un pequeno bidón pra os fumadores. Indica que o Concello regulará os sitios conflictivos e cada un que o solicite presentará un plano e estará regulado mediante o mesmo coa estipulación das condicións. Apunta que a terraza sita enfrente está nun quiebro de fachada, indicando que non é certo o que se manifesta nas alegacións. Respecto ós taburetes indica que xa están recollidos, posto que se incluíron no pleno de aprobación provisional.

En segundo lugar procede a analizar a alegación presentada polo Mesón Praciña. Nesta alegación, indícase a disconformidade co horario de peche coas terrazas, entendendo que sería suficiente o horario de retirada da terraza que coincida co horario de peche do local. Tamén manifestan que os paraventos establecidos na normativa suponen un custo elevado, argumentando que contan cunha terraza moi ampla. Finalmente tamén argumentan que deberían permitirse taburetes para os barrís.

Intervén o Sr. Alcalde, D. Melchor Roel Rivas para indicar que se mantén por unanimidade o que indica a ordenanza, comenta que no inverno algúns poderían estar abertos ata moi tarde, coa conseguinte problemática, e indica que debe haber man libre coas festas pero non que calquer día as terrazas esteñan ata altas horas debaixo das vivendas. Respecto á referencia ó modelo de paraventos



indica que na ordenanza está recollido o modelo e que o que non se axusta ten que retirarse, e que cando entre en vigor pódese ser algo flexible e esperar uns días para obrigar a retiralos, indicando que non poden estar no exterior, só durante o que dure o permiso, ó rematar nun tempo moi prudencial, nuns sete días ten que retirarse. Con respecto ós taburetes repite que no pleno no que se aprobou provisionalmente a ordenanza xa se fixo esta modificación, e fixéronse tres taburetes por barril ou mesa. Os taburetes que están no local se os quitan á rúa é responsabilidade do dono do local.

En terceiro lugar procede a analizar a alegación presentada polo café bar La Plata. Nesta alegación, indícase a disconformidade co período de tempo para adaptar o mobiliario, xa que se conceden ós locais de Covas 4 anos e ós que teñan mesas abatibles ancladas ás fachadas 2 anos. Tamén manifestan que non están de acordo co horario das terrazas, dicindo que o horario máis rentable o teñen entre as 8:30 e as 12:00 h. da mañá, co que non están de acordo con que o inicio da actividade da terraza sexa ás 11:30 horas. Tamén di que se pode compatibilizar a terraza co tránsito de persoas e vehículos, tanto na rúa Pastor Díaz como na Almirante Chicarro. Finalmente tamén argumentan que deberían permitirse taburetes para os barrís.

Intervén o Sr. Alcalde, D. Melchor Roel Rivas, para indicar que neste caso se confunde o local privado co dominio público, que é de todos. Sinala que no Casco Histórico no 2005 se lles deu ós locais de forma gratuita o mobiliario das terrazas, o que non sucedeu en Covas, e que se están dando dous anos no casco para adaptar as mesas abatibles, para as que non contan con permiso. Sinala tamén que cando se abre un local ten que facerse coa superficie interior do local, non contando coa que pertence ós cidadáns. Respecto ó horario apunta que se limitou ás 11:30 para que se compaxine coa entrada ó casco e podan circular libremente os provedores, non só dos comercios senón tamén dos propios bares, sinalando que quen abre un local o ten que facer contando co espazo de dito local e non co espazo público dos cidadáns. Comenta que da mesma forma que se vai poñer máis vixilancia pra que dende as 11:30 non circuclen vehículos, tamén se esixirá que as terrazas non se coloquen ata dita hora. Respecto ós taburetes reitera que xa se recollían no pleno anterior.

Comenta o Sr. Alcalde, D. Melchor Roel Rivas que se vai aplicar a ordenanza con rigor atendendo ás dificultades para que os espazos públicos o podan ser.

Non existindo máis debate sobre este asunto e contando con dictamen favorable da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestructuras, Obras e Medio Ambiente Desenvolvemento Local, procédese á súa votación, acordándose por unanimidade, o rexeitamento das alegacións presentadas e a aprobación definitiva da ordenanza reguladora da instalación de terrazas e veladores en Viveiro e a exposición ó público para a súa entrada en vigor.

E non habendo máis asuntos que tratar, por parte do Sr. Alcalde levántase a sesión, sendo as 9:00 horas do día 17 de agosto de 2012, extendéndose de todo o tratado a presente acta, da que eu, como Secretaria, dou fe.

